Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración das covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa, no concello de Triacastela, como ben de interese cultural, así como para a súa protección e conservación

- 6567 - 1799 (10/PRE-000643)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos referidos ao alumnado con discapacidade auditiva matriculado nos centros de ensinanza secundaria e o cumprimento neles do artigo 7 da Lei 27/2007, do 23 de outubro, polo que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e sordocegas

- 6554 - 3577 (10/PRE-000662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre os datos referidos ás denuncias presentadas e ás sancións impostas no ano 2016 en relación coas verteduras das industrias de transformación do sector primario nas canles de auga do medio rural, a realización dalgún seguimento ao respecto, así como o ofrecemento dalgún tipo de axuda técnica ou asesoramento para mellorar as súas condicións e a existencia dalgunha liña de axudas para adaptar os sistemas de depuración

- 6566 - 3604 (10/PRE-000664)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a información, as análises realizadas e as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira

- 6657 - 3666 (10/PRE-000666)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal de administración e servizos que se xubilou no Campus da Universidade da Coruña nos últimos seis anos

- 6656 - 3667 (10/PRE-000667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal docente e investigador que se xubilou no Campus da Universidade da Coruña nos últimos seis anos

- 6653 - 3715 (10/PRE-000669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia ás empresas Viriato e Caramelo do sector téxtil, a súa posible vinculación ao mantemento do cadro de persoal e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 6556 - 3745 (10/PRE-000671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a corrección dos défits de persoal e das deficiencias do Servizo de Urxencias do novo hospital de Vigo

- 6555 - 3786 (10/PRE-000673)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos resultados do sector turístico durante o ano 2016, a disparidade existente entre os datos referidos á chegada de turistas internacionais a Galicia e os do resto de España e mais as actuacións previstas para a recuperación do sector
BOPG nº 56, do 31.01.2017

- 6663 - 3820 (10/PRE-000677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal de administración e servizos que se xubilou no Campus de Ferrol, da Universidade da Coruña, nos últimos seis anos

- 6662 - 3821 (10/PRE-000678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal docente e investigador que se xubilou no Campus de Ferrol, da Universidade da Coruña, nos últimos seis anos

- 6651 - 3971 (10/PRE-000685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non manter xuntanzas periódicas coas organizacións sindicais co fin de acadar novos acordos retributivos para o persoal do Sergas e as previsións da Concellería de Sanidade respecto do inicio dun novo proceso de negociación en relación coa situación laboral dese persoal

- 6652 - 3990 (10/PRE-000686)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a sentenza xudicial pola que se anula o concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra que tivo lugar en setembro de 2012

- 6650 - 4026 (10/PRE-000691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licencias do persoal do Sergas

- 6658 - 4083 (10/PRE-000703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre o número de membros do persoal de administración e servizos que se xubiláron no Campus de Vigo da Universidade de Vigo dende o 2011 ao 2016

- 6659 - 4084 (10/PRE-000704)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre o número de membros do persoal docente e investigador que se xubiláron no Campus de Vigo da Universidade de Vigo dende o 2011 ao 2016

- 6648 - 4124 (10/PRE-000709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Sergas respecto do inicio da negociación sobre a mellora das condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas

- 6666 - 4188 (10/PRE-000714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal de administración e servizos que se xubilou no Campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo, nos últimos seis anos

- 6667 - 4189 (10/PRE-000715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal docente e investigador que se xubilou no Campus de Pontevedra, da Universidade de Vigo, nos últimos seis anos

- 6640 - 4239 (10/PRE-000717)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos referidos á concesión e denegación, dende o curso académico 2008-2009, das bolsas destinadas ao alumnado que cursa estudos universitarios no Sistema universitario de Galicia que por causas sobrevidas e imprevistas ten dificultades económicas para continuálos

- 6641 - 4268 (10/PRE-000718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos alumnos transportados e os autobuses que prestan o servizo de transporte escolar en Galicia, así como as infraccións denunciadas polos axentes da Dirección Xeral de Tráfico durante a campaña especial de vixilancia dos transportes escolares

- 6660 - 4434 (10/PRE-000736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal de administración e servizos que se xubilou no Campus de Ourense, da Universidade de Vigo, nos últimos seis anos

- 6661 - 4435 (10/PRE-000737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos ao persoal docente e investigador que se xubilou no Campus de Ourense, da Universidade de Vigo, nos últimos seis anos

- 6605 - 5658 (10/PRE-000842)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público de Galicia para o ano 2017, e a decisión do Goberno central ao respecto

- 6559 - 1078 (10/PRE-000395)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación coas actividades de depósito de material asfáltico realizadas en solo rústico no lugar de Vilar do Colo, no concello de Cabanas, declaradas ilegais pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2017, polo que se aproban as normas de creación da sede electrónica e de regulación da xestión electrónica no Parlamento de Galicia

O impulso da Administración electrónica resulta determinante para o cumprimento dos principios previstos no artigo 103 da Constitución e para a efectivización da seguridade xurídica que se predica como principio reitor dos poderes públicos no artigo 9.3 do texto constitucional.

Desde hai tempo, o Parlamento de Galicia, en exercicio da súa potestade de autoorganización prevista no artigo 30.1.2ª do Regulamento do Parlamento de Galicia, ten incorporadas as tecnoloxías da información ao seu funcionamento ordinario. Mediante Acordo da Mesa do 8 de maio de 2006, aprobáronse as normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria, a través das cales se regulou o Rexistro telemático, para a presentación de documentación de índole parlamentaria.

Mediante acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 20 de maio de 2014 aprobouse o sistema de xestión de seguridade da información do Parlamento de Galicia.

Co fin de actualizar ese sistema de xestión, recentemente, mediante acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 23 de xaneiro de 2017 aprobáronse as normas sobre a política de seguridade da información do Parlamento de Galicia.

As reformas normativas acontecidas nos últimos anos e os avances tecnolóxicos producidos determinan a conveniencia de seguir avanzando na implantación da Administración electrónica, dotándoa de novas funcionalidades.

A presente disposición ten por obxecto a creación e regulación do acceso á sede electrónica do Parlamento de Galicia, a incorporación ao Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia das funcionalidades relativas á presentación e recepción de documentos de natureza administrativa por medios electrónicos, a regulación do Arquivo electrónico único, así como a definición da política de sinatura electrónica e certificados.

En consecuencia, a Mesa do Parlamento de Galicia, ao abeiro do establecido nos artigos 30.1.2ª do Regulamento do Parlamento de Galicia e 3 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, dispón:

CAPÍTULO I

A sede electrónica

Artigo 1

Créase a sede electrónica do Parlamento de Galicia, accesible a través do seu portal corporativo no enderezo electrónico <https://sede.parlamentodegalicia.gal>

Artigo 2

1. A titularidade da sede electrónica correspóndelle ao Parlamento de Galicia.
2. O órgano responsable da sede electrónica será a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia. A súa xestión atribúeselle ao Servizo de Tecnoloxías da Información.

Artigo 3

Todos os servizos e contidos da sede electrónica respectarán os principios de accesibilidade, transparencia, igualdade e usabilidade.

Na sede electrónica proporcionarase información acerca dos sistemas operativos e navegadores que poidan ser utilizados para o acceso tanto para a sede electrónica como ao Rexistro electrónico xeral do Parlamento de Galicia, así como o formato dos documentos electrónicos admisibles.

Artigo 4

Os contidos mínimos que se incluírán na sede electrónica do Parlamento de Galicia serán os seguintes:

- a) Identificación da sede, do órgano titular desta e dos responsables da xestión.
- b) Normativa de aplicación da sede electrónica.
- c) Servizos de asesoramento electrónico ao usuario e información necesaria para a correcta utilización da sede electrónica, incluíndo o mapa da sede, coa determinación da estrutura de navegación e de todo o relacionado coa propiedade intelectual.
- d) Relación de servizos e procedementos dispoñibles na sede electrónica, que constarán nunha carta de servizos, relativos polo menos á información pública, participación cidadá, presentación de facturas, presentación de documentación relativa á contratación pública (portal de licitación electrónica), presentación de documentación relativa a procesos de selección de persoal, e en xeral á presentación de calquera outro tipo de documentación dirixida a calquera Administración pública.
- e) Sistema de verificación dos certificados da sede.
- f) Política e relación de sistemas de sinatura electrónica que sexan admisibles na sede electrónica.
- g) Servizos de comprobación da autenticidade e integridade dos documentos susceptibles de comprobación a través dun código seguro de verificación.
- h) Servizos de verificación de selos electrónicos empregados no ámbito dos procedementos e trámites da Administración parlamentaria.
- i) Acceso ás publicacións oficiais.
- j) Acceso ao estado de tramitación dos expedientes habilitados para tal efecto.
- k) Data e hora oficial, e días declarados oficialmente como inhábiles, así como efectos do silencio administrativo.
- l) Relación actualizada de trámites que poden efectuarse ao seu través.
- m) Calquera outro contido que resulte exixible de acordo coa lexislación aplicable ao Parlamento de Galicia.

Artigo 5

A canle de acceso telefónico é o 981551300

Así mesmo, poderase obter información presencial no Parlamento de Galicia ou por calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO II

O Rexistro electrónico xeral do Parlamento de Galicia

Artigo 6

1. Incorpóranse ao Rexistro xeral do Parlamento de Galicia as funcionalidades relativas á presentación e recepción de documentos de natureza administrativa, por medios electrónicos.

2. A presentación e recepción de documentación de natureza parlamentaria efectuarase de acordo co establecido nas Normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria, que teñen carácter de disposición parlamentaria e non administrativa.

Artigo 7

Non se terán por presentados no Rexistro electrónico xeral do Parlamento de Galicia aqueles documentos ou información cuxo réxime especial estableza outra forma de presentación.

Artigo 8

A organización e funcionamento do Rexistro electrónico xeral axustarase ao disposto na lexislación vixente aplicable ao Parlamento de Galicia, e deberá cumprir as garantías e medidas de seguridade previstas na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 9

Corresponderalle a xestión do Rexistro electrónico xeral do Parlamento de Galicia ao Servizo de Asistencia Parlamentaria, co apoio técnico do Servizo de Tecnoloxías da Información, dependentes da Oficialía Maior do Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO III

Arquivo electrónico único e custodia dos documentos electrónicos

Artigo 10

1. A constancia de documentos e actuacións en todo arquivo electrónico deberase realizar de xeito que se facilite o cumprimento das obrigas de transparencia, ofrecendo unha información puntual, áxil e actualizada.

2. Todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas se almacenarán por medios electrónicos, agás cando non sexa posible e así se acredite de forma xustificada.

Almacenaranse no seu soporte orixinal os documentos en soporte físico que non sexa posible incorporar ao expediente electrónico mediante copia electrónica auténtica, nos termos legalmente previstos.

3. En todo caso, o Parlamento de Galicia poderá dispoñer o arquivo dos documentos electrónicos que precise e considere axeitado para a súa mellor constancia e xestión.

4. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, o Parlamento de Galicia dispoñerá, en todo caso, dun Arquivo electrónico único de documentos electrónicos correspondentes aos procedementos administrativos finalizados, que será xestionado consonte a Norma técnica de interoperabilidade de xestión de documentos electrónicos aprobada mediante Resolución do 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

Artigo 11

1. Os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten os dereitos ou intereses dos particulares deberán conservarse en soportes desta natureza, xa sexa no mesmo formato a partir do que se orixinou o documento ou noutro calquera que asegure a identidade e integridade da información necesaria para reproducilo.

2. Os documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión, podendo para tal efecto procederse ao cambio do seu formato orixinal ao formato de conservación, mediante a produción da correspondente copia electrónica auténtica.

3. Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, os documentos electrónicos deberanse conservar preferentemente no seu formato orixinal, incluíndo a súa sinatura electrónica e metadatos, mentres persista o seu valor probatorio.

4. O Parlamento de Galicia arbitrará os procedementos necesarios para o traslado dos datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións, mediante a aprobación pola Mesa das normas de política de xestión de documentos electrónicos do Parlamento de Galicia. Estas normas tamén regularán a xestión do Arquivo electrónico único como repositorio único e centralizado dos documentos e expedientes electrónicos e establecerán o cadro de clasificación dos documentos do Parlamento para poder definir os niveis de seguridade e de acceso e asignar os prazos de conservación de documentos.

Artigo 12

1. Os medios ou soportes en que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguridade, de acordo co previsto no Esquema Nacional de Seguridade, que garantan a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.

2. En particular, todos os arquivos electrónicos asegurarán a identificación dos usuarios e o control de accesos, o cumprimento das garantías previstas na lexislación de protección de datos, así como a recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos que así o requiran, de acordo coas especificacións sobre o ciclo de vida dos servizos e sistemas utilizados.

Artigo 13

1. O Arquivo electrónico único de documentos electrónicos correspondentes a procedementos finalizados resultará compatible cos diversos sistemas e redes de arquivos nos termos previstos na lexislación vixente, e respectará a repartición de responsabilidades sobre a custodia ou traspaso correspondente. O Parlamento de Galicia poderá establecer liñas de cooperación ou adherirse a outras plataformas de xestión de documentos electrónicos existentes.

2. Así mesmo, o Arquivo electrónico único resultará compatible coa continuidade do arquivo histórico do Parlamento de Galicia, de acordo coa correspondente normativa de aplicación.

3. A eliminación de documentos electrónicos deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.

Artigo 14

1. O acceso dos cidadáns aos documentos e expedientes electrónicos efectuarase no marco do establecido polo Parlamento de Galicia na súa política de xestión de documentos electrónicos, e no resto da normativa que resulte de aplicación.

2. O acceso das restantes administracións públicas aos documentos e arquivos electrónicos regulados nas presentes normas cando o solicitante exercite o seu dereito a non achegar documentos xa achegados anteriormente na Administración parlamentaria, realizarase con plena suxeición aos límites previstos na lexislación reguladora do dereito de acceso á información pública, e sempre que a documentación non tiver sido eliminada conforme o previsto na normativa reguladora

CAPÍTULO IV

Política de sinatura electrónica e certificados

Artigo 15

Adóptase como política de sinatura electrónica e de certificados da Administración parlamentaria a política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado (OID 2.16.724.1.3.1.1.2.1.9).

Artigo 16

A Administración parlamentaria empregará os formatos admitidos na política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado segundo os seguintes criterios:

a) O uso obrigatorio do formato PDF/A con sinatura electrónica PAdES para todos os documentos que teñan como destinatarios cidadáns ou outras administracións públicas, salvo restricións de formato ou pola utilización doutros estándares de interoperabilidade xa establecidos.

b) O uso do formato CAdES só naqueles supostos en que aspectos relacionados co volume dos ficheiros ou o rendemento dos sistemas que os xestionan desaconsellen o uso dos formatos PAdES e XAdES.

Artigo 17

Respecto da recomendación establecida no número 3.6 «Regras de uso algoritmos» da política da Administración xeral do Estado, a Administración parlamentaria determina que para a creación da sinatura electrónica se utilizará o algoritmo de sinatura RSA/SHA2, cun hash mínimo de 256 bits (RSA/SHA2-256 ou RSA/SHA2-512). No caso de documentos de arquivo e custodia deberase utilizar o algoritmo de sinatura RSA/SHA2, cun hash mínimo de 512 bits (RSA/SHA2-512).

Disposición transitoria única

A implantación da sede electrónica levarase a cabo de xeito gradual, en función do necesario desenvolvemento técnico que haxa que realizar.

Disposición derradeira única

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de marzo 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 385**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as razóns do estado de parálise no que se atopa o proxecto de posta en marcha do Museo dos Viños de Galicia na Reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia, a data estimada para a súa apertura e as previsions do Goberno galego respecto da atribución da súa xestión, así como o asinamento dalgún convenio para ese fin”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 21.02.2017- polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao darlle resposta á pregunta 3858 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA


REX. RO XERAL ENTRADA

13 MAR. 2017

6562

NUM.

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1178**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información e as medidas previstas polo Goberno galego para resolver as carencias que presenta o Centro de Saúde de Viana do Bolo en materia de atención pediátrica, así como a garantía do servizo de matrona na vila”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 31.01.2017- polo director xeral de Asistencia Sanitaria ao darlle resposta á pregunta 2950 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

Naquela informou de que se dispón dun profesional para 717 nenos/nenas nesa zona, 211 de Viana do Bolo.

Afirmou que a poboación infantil está correctamente atendida e cuberta. O servizo funciona con normalidade.

O número de mulleres en idade fértil está en diminución neste Concello. Na Rúa existen matronas profesionais para dar cobertura a estas mulleres.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1221**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os recursos orzamentarios que vai consignar o Goberno galego para o ano 2017 para o Fondo de Cooperación Local, a realización dalgún estudo en relación co Fondo de Compensación Interterritorial de Galicia e, se é o caso, a súa aplicación na actualidade, así como os datos referidos á asunción pola Xunta de Galicia dos gastos de mantemento dos centros de saúde e de atención primaria”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o 2006 e ata o 2009 non se asumiu ningún centro.

A data de hoxe asumíronse 51 centros de saúde. Teñense construídos 30, dos que o SERGAS asume todos os seus postos.

Hai outros 29 centros acordados coa Fegamp actualmente en tramitación a súa asunción. O que fai un total de 110 centros que foron asumidos.

Continuarase a traballar coa Fegamp o os concellos para seguir desenvolvendo o acordado no Pacto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1239**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as indemnizacións que derivan da sentenza do Tribunal Supremo referida ás licenzas de construción sobre un xacemento arqueolóxico inventariado en San Cibrao, no concello de Cervo”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 2.03.2017- ao darlle resposta á pregunta 2706 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1260**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de creación dunha unidade de ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e, se é o caso, dos recursos orzamentarios e do cronograma previsto para a súa posta en marcha, así como da dotación de recursos humanos, técnicos e materiais que vai ter”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para prestar mellor atención aos pacientes afectados por un ictus en Galicia desenvólvese o Plan Ictus, que inclúe a creación da Central de Atención ao Ictus (CAI), como un organismo de ámbito autonómico no que un neurólogo experto na materia dá soporte a un facultativo dun centro hospitalario sempre que este o solicite. O Plan de Atención ao Ictus comprende a coordinación de 061, Atención Primaria, e Atención Hospitalaria. O Código Ictus é o sistema que permite a rápida identificación, notificación e traslado do paciente con ictus agudo ao hospital de referencia máis próximo.

O Complexo Hospitalario de Ourense conta cos recursos necesarios para diagnosticar e tratar os ictus, e derivar os pacientes a outro nivel asistencial cando o precisen.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1800**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“os datos referidos ao alumnado con discapacidade auditiva matriculado nos centros de ensinanza secundaria e o cumprimento neles do artigo 7 da Lei 27/2007, do 23 de outubro, polo que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 2.03.2017- ao darlle resposta á pregunta 3637 sobre o mesmo tema e formulada polas mesmas deputadas. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2432**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a situación do profesorado dos conservatorios de música traspasado de secundaria”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 24.02.2017- ao darlle resposta á pregunta 3641 sobre o mesmo tema e formulada polas mesmas deputadas. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 383**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na Reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 21.02.2017- polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao darlle resposta á pregunta 3858 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017



Directora Xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 400**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernaández, sobre **“as previsiones do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de saúde en Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A finais de 2008, o Concello asina co Sergas a posta a disposición dunha parcela, situada non Campo da Feira, para a construción dun novo de centro de saúde. O Sergas, con data 2010, procedeu a adxudicación do Proxecto Básico de Execución do novo centro.

Pese ao investimento realizado polo Sergas na redacción do proxecto, non consta cesión dos devanditos terreos por parte do Concello de Ribadavia, que a data de hoxe aínda non aportou documentación que acredite a súa titularidade sobre as seis leiras que compoñen a parcela e, en consecuencia, a agrupación das mesmas e o seu certificado catastral. Todo elo imprescindible para completar os trámites de cesión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 959**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da xestión levada a cabo no ano 2016 en relación coas demandas referidas aos problemas de subministración da vacina contra a meninxite B ás oficinas de farmacia e a súa inclusión no calendario de vacinación autonómico”**, (publicada no BOPG número 15 do 16 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:


“A Comunidade Autónoma non ten competencias sobre medicamentos e produtos farmacéuticos.

A Consellería de Sanidade realizou todas as xestións posibles ante o Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad, e o laboratorio produtor para conseguir doses suficientes para cubrir a demanda.

Cando a situación estaba en proceso de normalización, a empresa informa de novos problemas no subministro.

Cómpre resaltar que no ano 2016, dos dez millóns de doses de produción mundial desta vacina, 1.700.000 doses se teñen distribuído en España (17% do total), sendo o país con máis consumo de vacina, cando a situación epidemiolóxica é similar a dos países do noso contorno.

Neste senso cómpre lembrar que os informes técnicos de Saúde Pública amosan que, neste momento, a incidencia da meninxite B en Galicia é a máis baixa da súa historia (de 30 casos na tempada 2010/11 pasamos a 12 na pasada 2015/16 e nesta tempada 2016/17 (desde outubro ata data de hoxe) levamos 6 casos.



Por outra parte, a Consellería de Sanidade garante o subministro gratuito da vacina contra a meninxite B nas persoas en risco e nas situacións nas que estea indicada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1077**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación coas actividades de depósito de material asfáltico realizadas en solo rústico no lugar de Vilar do Colo, no concello de Cabanas, declaradas ilegais pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística”**, (publicada no BOPG número 18 do 23 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 1.03.2017- polo director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ao darlle resposta á pregunta 3006 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo deputado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1258**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de creación dunha unidade de ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para prestar mellor atención aos pacientes afectados por un ictus en Galicia desenvólvese o Plan Ictus, que inclúe a creación da Central de Atención ao Ictus (CAI), como un organismo de ámbito autonómico no que un neurologo experto na materia dá soporte a un facultativo dun centro hospitalario sempre que este o solicite. O Plan de Atención ao Ictus comprende a coordinación de 061, Atención Primaria, e Atención Hospitalaria. O Código Ictus é o sistema que permite a rápida identificación, notificación e traslado do paciente con ictus agudo ao hospital de referencia máis próximo.

O Complexo Hospitalario de Ourense conta cos recursos necesarios para diagnosticar e tratar os ictus, e derivar os pacientes a outro nivel asistencial cando o precisen.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 2092**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o número de persoas reclusas tratadas coa medicación contra a hepatitis C dende a entrada en vigor do convenio asinado polo Sergas coa Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no plan nacional ao respecto”**, (publicada no BOPG número 28 do 14 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A data 31/01/2017 o Sergas atendeu a 71 persoas reclusas para as que se requeriou ou ás que se prescribiu os novos tratamentos, desde a formalización do protocolo.

A estatística total da poboación reclusa debe ser facilitada por Institucións Penitenciarias dado que ademais dos pacientes atendidos en Galicia, hai pacientes tratados a través do seu sistema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 469**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para non incluír nunha oferta pública de emprego as prazas vacantes cubertas con persoal interino no Sergas e as previsions ao respecto”**, (publicada no BOPG número 7 do 4 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde 2012 ofertáronse máis de 1600 prazas nas ofertas de emprego público.

Respecto ao pacto de estabilidade dotáronse, con carácter inmedito, 438 prazas para reducir a temporabilidade. Na oferta pública de emprego de 2017 poderán ser ofertadas un total de 820 prazas e se desaparece a taxa de reposición na normativa básica poderás subir a cifra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 960**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da xestión levada a cabo no ano 2016 en relación coas demandas referidas aos problemas de subministración da vacina contra a meninxite B ás oficinas de farmacia e a súa inclusión no calendario de vacinación autonómico, así como as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:


“A Comunidade Autónoma non ten competencias sobre medicamentos e produtos farmacéuticos.

A Consellería de Sanidade realizou todas as xestións posibles ante o Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad, e o laboratorio produtor para conseguir doses suficientes para cubrir a demanda.

Cando a situación estaba en proceso de normalización, a empresa informa de novos problemas no subministro.

Cómpre resaltar que no ano 2016, dos dez millóns de doses de produción mundial desta vacina, 1.700.000 doses se teñen distribuído en España (17% do total), sendo o país con máis consumo de vacina, cando a situación epidemiolóxica é similar a dos países do noso contorno.

Neste senso cómpre lembrar que os informes técnicos de Saúde Pública amosan que, neste momento, a incidencia da meninxite B en Galicia é a máis baixa da súa historia (de 30 casos na tempada 2010/11 pasamos a 12 na pasada 2015/16 e nesta tempada 2016/17 (dende outubro ata data de hoxe) levamos 6 casos.



Por outra parte, a Consellería de Sanidade garante o subministro gratuito da vacina contra a meninxite B nas persoas en risco e nas situacións nas que estea indicada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 991, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da consignación do orzamento necesario e a execución das obras de construción do novo centro de saúde do Vinteún, en Ourense”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 16.02.2017- polo xerente do Sergas ao darlle resposta a unha pregunta sobre o mesmo tema.

No que respecta o Vinteún, xurdiron problemas xudiciais e urbanísticos na parcela cedida.

O 5/5/2011, escriturouse a parcela e o 2.09.2011 notificouse un recurso contra o acordo que concede a lincenza, que finalmente quedou anulada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1259**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de creación dunha unidade de ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e, se é o caso, dos recursos orzamentarios e do cronograma previsto para a súa posta en marcha, así como da dotación de recursos humanos, técnicos e materiais que vai ter”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para prestar mellor atención aos pacientes afectados por un ictus en Galicia desenvólvese o Plan Ictus, que inclúe a creación da Central de Atención ao Ictus (CAI), como un organismo de ámbito autonómico no que un neurologo experto na materia dá soporte a un facultativo dun centro hospitalario sempre que este o solicite. O Plan de Atención ao Ictus comprende a coordinación de 061, Atención Primaria, e Atención Hospitalaria. O Código Ictus é o sistema que permite a rápida identificación, notificación e traslado do paciente con ictus agudo ao hospital de referencia máis próximo.

O Complexo Hospitalario de Ourense conta cos recursos necesarios para diagnosticar e tratar os ictus, e derivar os pacientes a outro nivel asistencial cando o precisen.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

13 MAR. 2017

6668



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1786**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da revisión das posibilidades de solicitude de probas diagnósticas polos facultativos de atención primaria, a súa valoración en relación coa normativa vixente na materia e a situación do correspondente catálogo do Sergas”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2014 iniciase o proceso de modificación e extensión a todas as EOXI dos protocolos de solicitude de probas dende Atención Primaria.

A situación a día de hoxe non é totalmente homoxénea polo que seguirase traballando na elaboración de protocolos así como na formación dos profesionais para unha correcta utilización e interpretación das distintas probas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3190**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao persoal de administración e servizos que se xubilou no Campus da Universidade de Santiago de Compostela, nos últimos seis anos”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución consagrou no seu artigo 27.10 a autonomía universitaria, definida a posteriori polo lexislador na Lei 6/2001 orgánica de Universidades. Deste xeito garántense as liberdades de cátedra, estudo e investigación así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos.

O desenvolvemento desta capacidade de autoorganización leva consigo dispor das potestades administrativas inherentes á dita xestión, entre outras, potestade normativa, de organización e de persoal.

Deste xeito, as universidades contan cun órgano unipersoal, o xerente, definido no artigo 23 da LOU, a quen lle corresponde a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade.

Son estas unidades as encargadas de levar a cabo, baixo a dependencia do reitor, a xestión do persoal, tanto PDI como PAS, polo que a información sobre as xubilacións rexistradas nos sete campus das tres universidades do SUG no período 2011 a 2016 é de supoñer que obra nos arquivos de cada unha destas unidades.



En todo caso, os orzamentos xerais do Estado, e en consecuencia os da comunidade autónoma, fixaron durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 unha taxa de reposición aplicable ao persoal docente investigador funcionario universitario.

Para dar cumprimento a estas determinacións e autorizar a convocatoria de efectivos destas categorías, a Dirección Xeral de Orzamentos ten en conta as baixas de efectivos que se producen nas universidades por diferentes motivos, entre outras, as xubilacións, para o cal solicita ás universidades a dita información.

De todas formas, a información solicitada pódese atopar nas propias páxinas das tres universidades (www.usc.es; www.udc.es; www.uvigo.gal)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3191**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao persoal docente e investigador que se xubilou no Campus da Universidade de Santiago de Compostela, nos últimos seis anos.”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución consagrou no seu artigo 27.10 a autonomía universitaria, definida a posteriori polo lexislador na Lei 6/2001 orgánica de Universidades. Deste xeito garántense as liberdades de cátedra, estudo e investigación así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos.

O desenvolvemento desta capacidade de autoorganización leva consigo dispor das potestades administrativas inherentes á dita xestión, entre outras, potestade normativa, de organización e de persoal.

Deste xeito, as universidades contan cun órgano unipersoal, o xerente, definido no artigo 23 da LOU, a quen lle corresponde a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade.

Son estas unidades as encargadas de levar a cabo, baixo a dependencia do reitor, a xestión do persoal, tanto PDI como PAS, polo que a información sobre as xubilacións rexistradas nos sete campus das tres universidades do SUG no período 2011 a 2016 é de supoñer que obra nos arquivos de cada unha destas unidades.



En todo caso, os orzamentos xerais do Estado, e en consecuencia os da comunidade autónoma, fixaron durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 unha taxa de reposición aplicable ao persoal docente investigador funcionario universitario.

Para dar cumprimento a estas determinacións e autorizar a convocatoria de efectivos destas categorías, a Dirección Xeral de Orzamentos ten en conta as baixas de efectivos que se producen nas universidades por diferentes motivos, entre outras, as xubilacións, para o cal solicita ás universidades a dita información.

De todas formas, a información solicitada pódese atopar nas propias páxinas das tres universidades (www.usc.es; www.udc.es; www.uvigo.gal).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017



A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3225**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do afastamento dos límites do tecor, ou terreo cinexeticamente ordenado, de San Vicenzo de Elviña da área urbana do barrio Novo Mesoiro da Coruña”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 1.03.2017- pola directora xeral de Patrimonio Natural ao darlle resposta á pregunta 3221 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as..”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Bianca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3269**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno central de modificarlles os tramos do copago farmacéutico ás persoas pensionistas, a posición que vai defender o Goberno galego na Comisión Interterritorial de Sanidade ao respecto e a avaliación que realiza en relación coa súa implantación e impacto en Galicia, así como as medidas adoptadas para evitar as súas repercusións na saúde das persoas afectadas”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Ministra de Sanidade, en repetidas ocasións, manifestou que non está enriba da mesa ningunha proposta de modificación de copago na prestación farmacéutica, e que non se ía abordar este asunto.

Co RDL 16/2012, máis de 1.000.000 de persoas e as súa familias, que ata ese momento aportaban o 40% deixaron de ter aportación e están exentos.

Os pensionistas galegos realizan unha aportación media inferior as 4 Euros/mes. Non hai ningún dato que indique que se producirá impacto negativo sobre a saúde das persoas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3444**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao persoal de administración e servizos que se xubilou no Campus de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela, nos últimos seis anos”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución consagrou no seu artigo 27.10 a autonomía universitaria, definida a posteriori polo lexislador na Lei 6/2001 orgánica de Universidades. Deste xeito garántense as liberdades de cátedra, estudo e investigación así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos.

O desenvolvemento desta capacidade de autoorganización leva consigo dispor das potestades administrativas inherentes á dita xestión, entre outras, potestade normativa, de organización e de persoal.

Deste xeito, as universidades contan cun órgano unipersoal, o xerente, definido no artigo 23 da LOU, a quen lle corresponde a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade.

Son estas unidades as encargadas de levar a cabo, baixo a dependencia do reitor, a xestión do persoal, tanto PDI como PAS, polo que a información sobre as xubilacións rexistradas nos sete campus das tres universidades do SUG no período 2011 a 2016 é de supoñer que obra nos arquivos de cada unha destas unidades.



En todo caso, os orzamentos xerais do Estado, e en consecuencia os da comunidade autónoma, fixaron durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 unha taxa de reposición aplicable ao persoal docente investigador funcionario universitario.

Para dar cumprimento a estas determinacións e autorizar a convocatoria de efectivos destas categorías, a Dirección Xeral de Orzamentos ten en conta as baixas de efectivos que se producen nas universidades por diferentes motivos, entre outras, as xubilacións, para o cal solicita ás universidades a dita información.

De todas formas, a información solicitada pódese atopar nas propias páxinas das tres universidades (www.usc.es; www.udc.es; www.uvigo.gal).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3445**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao persoal docente e investigador que se xubilou no Campus de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela, nos últimos seis anos”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución consagrou no seu artigo 27.10 a autonomía universitaria, definida a posteriori polo lexislador na Lei 6/2001 orgánica de Universidades. Deste xeito garántense as liberdades de cátedra, estudo e investigación así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos.

O desenvolvemento desta capacidade de autoorganización leva consigo dispor das potestades administrativas inherentes á dita xestión, entre outras, potestade normativa, de organización e de persoal.

Deste xeito, as universidades contan cun órgano unipersoal, o xerente, definido no artigo 23 da LOU, a quen lle corresponde a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade.

Son estas unidades as encargadas de levar a cabo, baixo a dependencia do reitor, a xestión do persoal, tanto PDI como PAS, polo que a información sobre as xubilacións rexistradas nos sete campus das tres universidades do SUG no período 2011 a 2016 é de supoñer que obra nos arquivos de cada unha destas unidades.

En todo caso, os orzamentos xerais do Estado, e en consecuencia os da comunidade autónoma, fixaron durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 unha taxa de reposición aplicable ao persoal docente investigador funcionario universitario.

PARLAMENTO DE GALICIA	
REXISTRO XERAL ENTRADA	
15 MAR 2017	
NÚM	6654

Para dar cumprimento a estas determinacións e autorizar a convocatoria de efectivos destas categorías, a Dirección Xeral de Orzamentos ten en conta as baixas de efectivos que se producen nas universidades por diferentes motivos, entre outras, as xubilacións, para o cal solicita ás universidades a dita información.

De todas formas, a información solicitada pódese atopar nas propias páxinas das tres universidades (www.usc.es; www.udc.es; www.uvigo.gal).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017



directora Xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 384**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as razóns do estado de parálise no que se atopa o proxecto de posta en marcha do Museo dos Viños de Galicia na Reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia, a data estimada para a súa apertura e as previsions do Goberno galego respecto da atribución da súa xestión, así como o asinamento dalgún convenio para ese fin”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 21.02.2017- polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao darlle resposta á pregunta 3858 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1238**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as indemnizacións que derivan da sentenza do Tribunal Supremo referida ás licenzas de construción sobre un xacemento arqueolóxico inventariado en San Cibrao, no concello de Cervo”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demandada esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 2.03.2017- ao darlle resposta á pregunta 2706 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

A Directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 1697, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración das covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa, no concello de Triacastela, como ben de interese cultural, así como para a súa protección e conservación”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“As manifestacións de arte rupestre non teñen que ser declaradas pola Consellería de Cultural coma ben de interese cultural senón que xa teñen esa consideración por imperio da lei. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, recolle no seu artigo 94.2: Son bens de interese cultural as covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre.

Polo tanto, a Cova Eirós, que é na que existen esas mostras, xa ten a consideración de ben de interese cultural.

Porén a Consellería está traballando tanto na documentación doutros valores culturais, como os indicados na propia pregunta, e as súas condicións de contorno, para establecer unha delimitación.

Estes traballos necesitan da realización de informes e a recollida de datos que están en tramitación, o que non impide que a Cova Eirós xa teña a consideración de ben de interese cultural, no que se está a traballar na actualidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
15 MAR. 2017
NUM 6642

As covas Graxeira e Cabaxa localizadas noutro accidente xeográfico, foron recollidas no Inventario de bens arqueolóxicos, aínda que nelas non se documentou polo de agora ningunha ocupación humana.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1799**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“os datos referidos ao alumnado con discapacidade auditiva matriculado nos centros de ensinanza secundaria e o cumprimento neles do artigo 7 da Lei 27/2007, do 23 de outubro, polo que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas”**, (publicada no BOPG número 27 do 9 de decembro de 2016), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada, pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demandada esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 2.03.2017- ao darlle resposta á pregunta 3637 sobre o mesmo tema e formulada polas mesmas deputadas.

Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3577**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás denuncias presentadas e ás sancións impostas no ano 2016 en relación coas verteduras das industrias de transformación do sector primario nas canles de auga do medio rural, a realización dalgún seguimento ao respecto, así como o ofrecemento dalgún tipo de axuda técnica ou asesoramento para mellorar as súas condicións e a existencia dalgunha liña de axudas para adaptar os sistemas de depuración”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 16.02.2017- polo director de Augas de Galicia ao darlle resposta á pregunta 3574 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3604**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información, as análises realizadas e as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 7.02.2017- pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao darlle resposta á pregunta 3602 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as..”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Senhoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms




En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3666**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao persoal de administración e servizos que se xubilou no Campus da Universidade da Coruña nos últimos seis anos”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución consagrou no seu artigo 27.10 a autonomía universitaria, definida a posteriori polo lexislador na Lei 6/2001 orgánica de Universidades. Deste xeito garántense as liberdades de cátedra, estudo e investigación así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos.

O desenvolvemento desta capacidade de autoorganización leva consigo dispor das potestades administrativas inherentes á dita xestión, entre outras, potestade normativa, de organización e de persoal.

Deste xeito, as universidades contan cun órgano unipersoal, o xerente, definido no artigo 23 da LOU, a quen lle corresponde a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade.

Son estas unidades as encargadas de levar a cabo, baixo a dependencia do reitor, a xestión do persoal, tanto PDI como PAS, polo que a información sobre as xubilacións rexistradas nos sete campus das tres universidades do SUG no período 2011 a 2016 é de supoñer que obra nos arquivos de cada unha destas unidades.



En todo caso, os orzamentos xerais do Estado, e en consecuencia os da comunidade autónoma, fixaron durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 unha taxa de reposición aplicable ao persoal docente investigador funcionario universitario.

Para dar cumprimento a estas determinacións e autorizar a convocatoria de efectivos destas categorías, a Dirección Xeral de Orzamentos ten en conta as baixas de efectivos que se producen nas universidades por diferentes motivos, entre outras, as xubilacións, para o cal solicita ás universidades a dita información.

De todas formas, a información solicitada pódese atopar nas propias páxinas das tres universidades (www.usc.es; www.udc.es; www.uvigo.gal).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais

Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3667**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao persoal docente e investigador que se xubilou no Campus da Universidade da Coruña nos últimos seis anos”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Constitución consagrou no seu artigo 27.10 a autonomía universitaria, definida a posteriori polo lexislador na Lei 6/2001 orgánica de Universidades. Deste xeito garántense as liberdades de cátedra, estudo e investigación así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos.

O desenvolvemento desta capacidade de autoorganización leva consigo dispor das potestades administrativas inherentes á dita xestión, entre outras, potestade normativa, de organización e de persoal.

Deste xeito, as universidades contan cun órgano unipersoal, o xerente, definido no artigo 23 da LOU, a quen lle corresponde a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade.

Son estas unidades as encargadas de levar a cabo, baixo a dependencia do reitor, a xestión do persoal, tanto PDI como PAS, polo que a información sobre as xubilacións rexistradas nos sete campus das tres universidades do SUG no período 2011 a 2016 é de supoñer que obra nos arquivos de cada unha destas unidades.

En todo caso, os orzamentos xerais do Estado, e en consecuencia os da comunidade autónoma, fixaron durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 unha taxa de reposición aplicable ao persoal docente investigador funcionario universitario.

Para dar cumprimento a estas determinacións e autorizar a convocatoria de efectivos destas categorías, a Dirección Xeral de Orzamentos ten en conta as baixas de efectivos que se producen nas universidades por diferentes motivos, entre outras, as xubilacións, para o cal solicita ás universidades a dita información.

De todas formas, a información solicitada pódese atopar nas propias páxinas das tres universidades (www.usc.es; www.udc.es; www.uvigo.gal).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3715**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia ás empresas Viriato e Caramelo do sector téxtil, a súa posible vinculación ao mantemento do cadro de persoal e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 3ª do 24.02.2017- polo director xeral do Igape ao darlle resposta á pregunta 3713 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?
timecode=01:15:31&idvid=C3248172&duration=00:16:36&wmv=0000009822R-002-
100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:15:31&idvid=C3248172&duration=00:16:36&wmv=0000009822R-002-100kb.wmv&.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3745**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reparación dos déficits de persoal e a corrección das deficiencias do servizo de urxencias do Novo Hospital de Vigo”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Ao igual que está acontecendo en todos os servizos de Urxencias de España e Europa, as Urxencias do Álvaro Cunqueiro experimentan unha maior presión asistencial, motivada fundamentalmente pola gripe e patoloxías respiratorias relacionas coas condicións climatolóxicas. Houbo xornadas nas que as asistencias estiveron máis dun 40% por riba da media do ano 2016.


Ademais, o perfil de paciente é unha persoa maior, con patoloxía crónica de base, que sofre unha reagudización do seu proceso por mor dunha infección respiratoria. Polo tanto, trátase de paciente máis complexos que necesitan dun maior tempo de atención e que requiriron ingreso hospitalario nunha porcentaxe superior á media.

A xerencia da EOXI de Vigo está adoptando todas as medidas necesarias para dar resposta a alta frecuentación que nas últimas semanas vense rexistrando no servizo de Urxencias Hospitalarias.

Existe a capacidade de ampliar recursos cando é necesario. Hai que lembrar que o 70% das habitacións do Cunqueiro son individuais e están acondicionadas para acoller unha cama máis mantendo as mesmas condicións de confortabilidade. Neste senso, é unha media habitual, en caso de necesidade, duplicar as habitacións individuais.

Ademais, o cadro de persoal de Urxencias tamén se reforzou.

Trala unificación dos servizos do Hospital Xeral e Meixoeiro, as Urxencias actuais dispoñen do dobre de espazo que os dos servizos anteriores xuntos, e foron dotadas con 30 profesionais máis.



Así, nesta área traballan 322 profesionais. Por categorías profesionais, o servizo conta cun coordinador, 53 médicos do cadro de persoal e 9 médicos de reforzo (63 médicos), 91 enfermeiras, 59 TCAE, 89 celadores, e 20 auxiliares administrativos. Este persoal está dedicado exclusivamente á atención de urxencias de adultos. Hai que engadir tamén os 75 médicos especialistas que o Chuvi dispón para atención en gardas.

Hai que recordar que case á metade -o 49,43 por cento- dos pacientes que demandaron atención do servizo de Urxencias do hospital o pasado ano foron triados por 'patoloxía banal' que non revestía gravidade. Isto indica que se debe seguir promovendo a resolución deste tipo de problemas de saúde no ámbito da atención primaria mediante a educación sanitaria, evitando así desprazamentos e esperas innecesarias dos paciente aos hospitais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

A directora Xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentaria



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 MAR. 2017
Num. 6555

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAR. 2017
SAIDA
Num. 344

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3786**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos resultados do sector turístico durante o ano 2016, a disparidade existente entre os datos referidos á chegada de turistas internacionais a Galicia e os do resto de España e as actuacións previstas para a recuperación do sector”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística sobre a demanda turística correspondentes ao ano 2016 mostran un crecemento no número de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados de Galicia do 7,4% e un incremento nas súas pernoitas do 9,2%.


En relación ao turismo internacional, estes datos reflicten que os viaxeiros internacionais medraron nun 10,2%.

Con todo, dende Turismo de Galicia realizamos unha valoración moi positiva dos datos acadados no pasado ano 2016.

As cifras sobre chegada de turistas internacionais dos que informa a Xunta de Galicia, son os que se reciben directamente do INE, polo que non existe ningunha disparidade. O Instituto Nacional de Estatística desenvolve distintas operacións, que son as que Turismo de Galicia traslada aos cidadáns.

En outubro de 2015 tres operacións que viña desenvolvendo Turespaña (Frontur, Egatur e Familitur) foron asumidas polo INE, polo que houbo nese intre un cambio metodolóxico e de mostra que afectou as series correspondentes a esas operacións.

Deste xeito, os datos que se teñen feito públicos recentemente desas operacións amósanse xustificados nese cambio metodolóxico e de mostra. Estas alteracións non só afectan a Galicia senón tamén a outras Comunidades Autónomas, especialmente nas que se conta cunha mostra de menor tamaño.



Así, o importante da nova metodoloxía destas operacións virá dada pola evolución desde que se produciu o cambio e non a comparación cos datos anteriores.

Neste senso, cómpre sinalar que unha mostra da evolución positiva son os datos de aloxamento regrados do Instituto Nacional de Estatística anteriormente mencionados xa que non foron obxecto de cambio metodolóxico sendo estudados e ofrecidos desde hai anos por este instituto e os cales non detectaron en absoluto caída algunha senón todo o contrario.

Desde Turismo de Galicia apostamos firmemente pola promoción e difusión da comunidade galega como destino turístico a nivel internacional.

Mostra diso é que cada ano incrementamos a nosa participación en feiras turísticas destinadas á promoción internacional do destino Galicia.

Así mesmo, dentro deste plan de promoción internacional Turismo de Galicia organiza viaxes de familiarización e de prensa para presentar a axentes, turoperadores e xornalistas internacionais os diferentes destinos galegos.

Ademais, promovemos xornadas directas e inversas que contribúen a exhibir a gran oferta turística das catro provincias galegas no exterior.

Grazas a esta firme aposta pola promoción no exterior, o turismo internacional está a alcanzar cifras récord."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



